

## MESA SECTORIAL: CALENDARIO ESCOLAR

Santiago, 13 de abril de 2021

Na reunión da **Mesa Sectorial de Educación** celebrada no día de hoxe, tratouse a Orde pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021-2022 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

### **Manifestámonos en desacordo coa pretensión velada de homoxeneizar as datas de comezo en Primaria e Secundaria:**

- Comezamos polo principio que é o mes de setembro. Está claro que no futuro inmediato pódese entender que a Consellería vai pretender que tanto o Ensino Primario coma o Ensino Secundario empecen nas mesmas datas. A Administración xa está a xustificar que a adxudicación de Secundaria se fará antes e, polo tanto, todo o profesorado estará no centro o 1 de setembro. Inténtase vender como unha mellora para o alumnado pero o que realmente se pretende é que todo o ensino comece antes do 10 de setembro e, a ser posible, a día 1.

[A Administración responde que aínda non se ten coñecemento do calendario escolar do vindeiro curso polo que non poden pronunciarse.](#)

- Na aplicación práctica, entendemos que non se poden considerar iguais os cursos que mediante esta Orde se trata de homoxeneizar. Pretender facer o cambio da convocatoria extraordinaria de setembro para xuño tendo en conta o bo funcionamento desta modificación en 2º de BAC, non é para nada comparable nin se pode extrapolar unha situación que se dá nun curso como 2º de BAC, ensinanzas post-obrigatorias e cun tipo de alumnado moi diferente ó da ESO ou FP Básica. Os intereses, as dificultades, as necesidades e as motivacións non son as mesmas e hai moi pouco tempo para reforzar as materias non superadas.

## **Avogamos por unha repartición máis racional dos trimestres:**

- Tendo en conta que seguimos a guiarnos polo calendario relixioso para marcar os ritmos do ensino, imos ter unha terceira avaliación demasiado curta. A partires do 6 de xuño son as sesións de avaliación ordinaria polo que todas as probas xa deberían estar rematadas nesa data.

A administración responde que en ningún apartado da orde se limitan os trimestres e que é un aspecto organizativo do centro.

De tódolos xeitos, criterios pedagóxicos aconsellarían distribuir no calendario os períodos de vacacións de xeito máis armonizado coa duración natural dos trimestres.

**Non compartimos o cambio fundamental da Consellería no calendario escolar do vindeiro curso: trasládase a avaliación extraordinaria ó mes de xuño na ESO, 1º BAC e 1º de FPB. Consideramos que resulta a todas luces improvisado adoptar esta medida antes do desenvolvemento lexislativo da LOMLOE.**

- Dende FeSP-UGT queremos saber que criterios pedagóxicos se tiveron en conta, se é que se tivo algún, para dito cambio.
- Os alumnos máis desfavorecidos e os que presentan NEAE teñen necesidades de adaptación temporais e de organización. Este alumnado dificilmente vai lograr superar o curso se engadimos esta nova temporalización.  
Cremos que o acurtamento de tempo entre avaliacións non vai favorecer a inclusión senón todo o contrario.
- Na FeSP-UGT pensamos que en menos de 12 días lectivos (os que transcurren dende a avaliación ordinaria e a extraordinaria) o alumnado non dispón do tempo suficiente para preparar as probas se teñen varias materias pendentes.

A Administración responde que, consultados CIUG, equipos directivos, familias e outras CCAA, o cambio valórase positivamente en todos os ámbitos. Ademais, engade que os datos indican que a porcentaxe de aprobados na avaliación extraordinaria de setembro é dun 11% do total de presentados, mentres que na avaliación ordinaria de xuño é dun 80%. Polo tanto, nas avaliacións extraordinarias actuais obtéñense resultados febles.

- Queremos saber como se vai organizar o profesorado. Hai que planificar para o alumnado que xa aprobou todo e vai estar na aula ata o día 21? Para que? Para facer actividades de ampliación? Manter o interese, a motivación deste alumnado e, ó mesmo tempo, traballar o reforzo cos alumnos e alumnas para que poidan aprobar en 12 días lectivos o que algúns levan suspendendo todo o curso?

A Administración indicou que no artigo 12.2 explicaba que, ese tempo, do 6 ao 21 de xuño, adicárase á preparación e realización das probas extraordinarias, e a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titorización.

## **Estamos dando pasos atrás no que atinxe ás xornadas dos docentes e no tempo real de dedicación ó ensino:**

- A intención da Consellería é clara: non aplica o acordo da xornada de xuño e setembro. Non aplica os acordos de horas lectivas do profesorado e da súa xornada laboral. Pon en marcha o comedor dende o primeiro día de curso escolar e, ano tras ano, vai homoxeneizando tanto os calendarios escolares de Primaria, Secundaria como o da Universidade. Esta é a realidade.
- Mentres tanto, o profesorado acumulará as tarefas administrativas e burocráticas que colapsan os meses de xuño e setembro: empacho de avaliacións, informes finais, memorias, programacións e posta en marcha...
- Unha vez máis volvemos a esquecernos dos interinos e interinas que terán que presentarse ós procesos selectivos e dos compañeiros e compañeiras que participarán nos mesmos como membros dos tribunais.

A Administración responde que é un aspecto de autonomía de centros na que confía plenamente.

- Evidentemente a Administración intenta mostrar á sociedade que a nivel organizativo, para as direccións e para os centros, a avaliación extraordinaria é mellor en xuño. Igualmente tamén pretende mostrar que para o alumnado e as familias é o mellor. Neste senso o profesorado está máis que xustificado pois tanto en xuño como en setembro estará nos centros (con extraordinaria ou sen extraordinaria) como veu facendo ata o de agora!

- As inxedanzas das nosas afiliadas e afiliados ó respecto inclúen:
  - O escaso tempo para que o alumnado poida preparar as probas.
  - A ampliación inxustificada do traballo do profesorado no mes de xuño, un mes xa con moita presión.
  - A máis que posible interrupción dos contratos de interinidades nos meses do verán para volver contratar a 1 de setembro.

A Consellería afirma que non hai ningunha intención negativa pola súa parte respecto aos interinos e aos seus contratos.

- Tamén queremos destacar que se reduce o tempo de adaptación do alumnado de EI que se incorpora por primeira vez ó sistema educativo. Parécenos totalmente insuficiente establecer 9 días como período de adaptación. Pensamos que incluso se podería flexibilizar ese período en función das características do alumnado. Tampouco nos parece correcto que esta adaptación teña un carácter voluntario para as familias.

A Consellería responde que non cambiará este carácter voluntario porque algún perfil de alumnado non o necesita. Delegan no profesorado a responsabilidade de convencer ás familias para que participen nesa adaptación.